

(<http://www.hammertonail.com/reviews/comedy/goliath-film-review/>)

Hai un plano no *Goliath* de David and Nathan Zellner que dura máis ou menos o mesmo cá maioría das curtas que fixo este dúo fraternal tan querido nos circuitos dos festivais, e que, en si mesmo, eleva este filme desde o berce do absurdo, no que os seus filmes patean e berran, e lévao a un nivel de comedia dun humor tan retranqueiro que é practicamente estoico. O plano envolve o inefable e desafortunado personaxe masculino que se atopa coa súa muller no despacho do avogado dela para asinaren o divorcio. Para describirmos a escena con máis detalle teríamos que destripar o gag, que é de por si unha destilación do chiste nos seus elementos máis básicos. En si, este momento pode ser considerado un estudio nas compoñentes químicas dun trailer cómico, vindo como vén abruptamente no medio e medio da historia, serve como alicerce para un filme que camiña entre a farsa e os máis profundos niveis de turbación.

Os e as fans das curtas dos irmáns Zellner atoparán moitas cousas que lles van ser familiares: a localización de Austin, a marabillosa fotografía de Jim Eastburn, os propios Zellner en papeis centrais... Do que algúns non se decatán é de que este é, de feito, o primeiro filme distintivo dos irmáns; nos últimos 90 fixeron unha excéntrica comedia en 16mm chamada *Plastic Utopia*, que eu unha vez tiven o pracer de ver proxectada cos carretes fóra de orde. A esta seguiu *Frontier* (que non mirei), unha fábula de ciencia ficción rodada integramente na linguaxe inventada do Bulboviano. Despois viñeron as curtas, que se converteron en alicerces perennes do itinerario de Sundance e que, durante catro ou cinco anos, viron os guieiros das súas voces idiosincráticas crebren, os seus chistosos ósos facérense maiores. O seu traballo foi recoñecido como único e incualificable, por non dicir mordaz. Unha estraña sensibilidade, máis amarga, mesturábase mesmo nos máis parvos

dos seus paseos, e desta caste de anti-pathos emerxe nunha agridoce misantropía demoledora en *Goliath*. O seu estilo observador volve aos adaxios dos vellos cinematógrafos sobre a lonxitude dos obxectivos: o que é unha traxedia en primeiro plano torna comedia nun plano aberto. Abonda dicir que este é un filme cunha chea de planos abertos.

O filme comeza cun informe de crise da mediana idade, en que o protagonista (David Zellner) perde as dúas cousas que fan del un home: a muller, que o deixa, e o seu modo de vida, no que é degradado. Está feito un saco de bágoas; vai para a casa á noite, come permanentemente comida envasada e quentada no microondas, mira porno por internet, e tenta finxir que a alguén lle importa que fume dentro da casa. Xa "capado", descobre unha tarde que o seu único punto de validación – o seu querido gato *Goliath* – desapareceu. "Aquí, micho, michiño!", chama, mantendo o abrelatas eléctrico a funcionar fóra da fiestra, enviando un tépedo e atraente zuni-do no aire da noite que non vai ter resposta.

E así como o filme convértese ostensiblemente na historia dun home cunha misión (e, como resultado, torna un agudo estudo da transferencia freudiana). Os Zellner, conscientemente ou non, entenden como unha mascota pode cambiar a percepción dunha persoa. Igual que un pode provocar as bágoas no público retorcendo o pescozo dun cachorro, un pode provocar simpatía por un personaxe antipático amosándoo a chochear polo seu querido michiño. De aí que eles se desen carta branca para faceren do seu heroe un perdedor da cabeza aos pés; ademais, coma outros perdedores cinemáticos antes del, non se sente explotado. Atrae as desgrazas por si mesmo (como se exemplifica nunha horrible e hilarante escena na que desmembra todas as súas infidelidades contra as da súa muller). É triste, patético e case antipático de todo, pero como lle quere tanto a *Goliath*, cáenos ben. Rimos con el, non del —se non fose porque, de feito, nunca ri, e por iso quedamos varados no risiño entre dentes.

Así funciona o humor no filme. Existe nunha zona gris inexplorada, na súa propia lonxitude de onda, polo que o plano que describín no primeiro parágrafo é a vez hilarante e triste. A metade do plano está construído como un chiste, e a outra metade lida cos efectos colaterais, e durante todo el os Zellners manteñen o mesmo ton inalterable. Hai que botarlle tripas para sacar adiante un plano coma ese. O mesmo para o resultante acto final do filme, no que, despois de aprender a verdade sobre o destino de *Goliath*, o noso heroe converte as innumerables desgrazas da súa vida nunha rabia xustificada, que dá nunha misión de vinganza. O que acontece no clímax do filme ocorre nunha pendente esvaradía de conduta turbadora, pero como os Zellner se aproximan a ela desde a mesma perspectiva rigorosa ca o resto do filme, a moralidade da situación sitúase lonxe da veracidade emocional do momento, que está en si compactada polo seu absurdo total. Non está garantido rir, pero vai ser duro non facelo.

RISO ENTRE DENTES

DAVID LOWERY

UNHA XERACIÓN ATOPA A SÚA FALA ENTRE DENTES. DENNIS LIM

(New York Times, 19 de agosto do 2007) <<http://www.nytimes.com/2007/08/19/movies/19lim.html?pagewanted=print&r=0>>

Os recentes murmurios — alguén se cadra debería dicir fala entre dentes — indican un movemento emerxente nos cinema idependente americano. Os espécimes do xénero partillan un naturalismo sinxelo, unha produción de baixa intensidade e unha sarta de parloteos de baixo volume decote percibidos como inelocuencia. De aquí o nome: *mumblecore*.

Máis un colectivo frouxo ou mesmo un estado de opinión ca un movemento estético, o *mumblecore* concérnelle ás tediosas indecisións da existencia postuniversitaria. Pode verse como nestas películas, con actores non profesionais e pondo en escena diálogos case improvisados, raras veces se afrontan problemas máis duros ca devolver unha chamada de teléfono. Cando a heroína de *Funny Ha Ha* (2002), o filme que lanza esta onda do *mumblecore*, escribe unha “lista de deberes”, inclúe “Aprender a xogar ao xadrez?” and “Iniciativa de me pór en forma!!”

Pero o que estes filmes recollen moi ben é como a deriva dos “anos entre” enmascaran en voz baixa movementos sísmicos que só aparecen no “a posteriori”. A narrativa do *mumblecore* é unha bisagra menos entre os puntos da trama ca entre os puntos de “desentullo” nas relacións interpersoais. Un dos escenarios preferidos é a festa que avanza sutilmente pero desastrosamente por mal camiño. Os eventos adoitan ser postos en escena por un temerario acto de intimidación.

Os artistas que escarban nas minucias da vida están por diante de significados novos, pero o *mumblecore* denota unha auténtica sensibilidade do século XXI, reflexo de redes sociais coma MySpace e o voyeurismo e intimidade de YouTube. É tamén sinal de cambios de paradigma en como se fan os filmes e como atopan público. “Esta é a primeira vez, sobre todo por causa da tecnoloxía, que alguén coma min pode ir e facer un filme sen cartos e sen contactos,” dixo Aaron Katz, cuxos filmes *Dance Party USA* e *Quiet City* serán amosados como parte dunha serie de 10 filmes do *mumblecore* no Centro IFC que comeza o mércores e continúa até o 4 de setembro².

Erguidos nos últimos anos polo boca a boca, os festivais de cine e os blogs, filmes coma os de Mr. Katz obtiveron seguimento nos enclaves “sofisticados” (hipster) onde adoitaban ser proxectados. Dependendo como definas o *mumblecore*, a categoría inclúe entre 10 e 20 filmes. Houbo poucas historias de éxito comercial, e mesmo un estraño “facer as beiras” de Hollywood. *Puffy Chair*, de Jay e Mark Duplass foi liberada á vez por Netflix e a distribuidora Roadside Attractions e, grazas á agresiva promoción aos subscritores de Netflix, funcionou moi ben en salas e mellor aínda en DVD. Andrew Bujalski, cuxos *Funny Ha Ha* e *Mutual Appreciation* son o mellor da colleita, vai escribir e dirixir unha adaptación de *Indecision*, novela de Benjamin Kunkel, para o produtor Scott Rudin.

Pero para a maior parte o *mumblecore* quedou pequena, precisamente porque pode. A necesidade de canles de distribución tradicionais diminúen canto os custos de produción son tan baixos coma uns poucos dólares. “Estes cineastas parecen libres da ansiedade que ves nos directores de cine *indie* que traen os seus filmes de alto presuposto aos festivais e rezan

para vendelos,” dixo Scott Macaulay, un produtor *indie* veterano e editor da revista *Filmmaker*, que recentemente publicou en portada unha historia sobre *mumblecore*. “O filme séntese máis coma un diálogo entre directores e os seus públicos e menos coma unha tarxeta de visita para os estudos.”

Alerta ás implicacións de negocio na teoría da “longa cola” sobre os nichos de mercado, a xente do *mumblecore* achegouse non só á produción, senón á distribución, cun equipo con mentalidade “faino ti mesmo”. Os dous primeiros filmes de Bujalski foron autositribuídos. Moitos dos directores venderon DVD’s gravados na casa por internet.

O mito da orixe do *mumblecore* sitúase no punto de inflexión que foi o South by Southwest Film Festival en Austin, Texas, no 2005, que proxectou unha serie de filmes pequenos e superficiais (incluíndo *The Puffy Chair* e *Mutual Appreciation*). Os directores levábanse ben. Unha noite nun bar o que lle mesturaba o son a Bujalski, Eric Masunaga, acuñou o termo *mumblecore*.

“Era un nome ofensivo que non lle gustaba a ninguén, destinado a ser unha coña,” dixo o director Joe Swanberg, que estivo no festival ese ano coa súa primeira creación, *Kissing on the Mouth*. “Pero non fomos quen de nolo quitar de enriba.”

Foi Bujalski quen usou primeiro este termo publicamente, nunha entrevista con *Indiewire.com*. “Debo defendelo,” dixo recentemente.

Ao final a etimoloxía é un punto de disputa, desde que os filmes en cuestión decote lidan co tenso proceso de formación da identidade. Xornalistas e blogueiros presentaron outras etiquetas, incluíndo a autoexplicatoria “cinema do cabelo en-guedellado” and “Slackavettes³,” en homenaxe ao santo patrón dos autores *indie* americanos, John Cassavetes. As series do Centro IFC, malia usaren *mumblecore* nos seus materiais publicitarios, son oficialmente chamadas “As novas películas sonoras: Xeración D.I.Y.”⁴

Bujalski, en conversa telefónica desde Austin, onde acaba de rodar o seu terceiro filme, obxetou a idea de “movemento”. “Ten sentido para os blogueiros peneiraren os filmes e buscarlles cousas en común” dixo. “Pero é ese concepto reduccionista de que somos a mesma cousa o que me incomoda.”

Hai, con todo, grandes diferenzas entre o chamado “corpo” do *mumblecore*. Bujalski, de 30, é o máis vello e os seus filmes son os máis artísticos e sofisticados da banda, en particular por seren gravados en película na vez de con videocámara portátil.

Swanberg, con 25, é o máis prolífico e máis dado á improvisación. O seu novo filme, *Hannah Takes the Stairs*, que terá un percorrido dunha semana durante eses ciclos, foi rodado sen script; el comparte a escrita co elenco. O creador de *Young American Bodies*, unha Web serie en *Nerve.com*, é moito máis cándido sexualmente cós seus colegas. Nunha infame escena de *Kissing on the Mouth*, mastúrbase perante a cámara.

Katz, 25 tamén, é máis sensible cós seus pares aos límites estéticos e ás posibilidades do vídeo dixital, ten un sentido poético do lugar. Frank V. Ross, 26, tivo menos repercusión cós outros, se cadra porque os seus filmes son construídos de xeito máis áspero e emocionalmente máis duros. O último deles, *Hohokam*, presenta personaxes lixeiramente máis vellos e tristes, e actúa coma unha sobria secuela dos filmes *mumblecore* de primeira xeración.

1 N. da T. “tipping points” no orixinal.

2 Refírese ao momento en que foi publicado o texto, en agosto do 2007.

3 N. da T.: xogo de palabras entre o apelido de Cassavetes e “slack”: frouxo, flácido.

4 N. da T.: “do it yourself”, faino ti mesmo/a.

Como na maioría dos movementos artísticos, existe polinización cruzada e un querer “ser máis có veciño”. Swanberg dixo que fixo *Kissing on the Mouth* en parte para lle responder ao *Funny Ha Ha* de Bujalski, cuxos personaxes atopaba pasivo-agresivos.

Pero o espírito que prevalece é o de colaboración amistosa. Dous dos tres personaxes masculinos no *Hannah* de Swanberg son interpretados por Bujalski e Mark Duplass. Katz editou o trailer do filme. Swanberg aparece en *Quiet City*, de Katz’, e *Hohokam*, de Ross. Malia moitos deles viviren en diferentes cidades (Bujalski en Boston, Swanberg e Ross en Chicago, Katz en Nova York), os festivais de cine funcionan como centros sociais, eventos de traballo en rede e de *facto* sesións de *casting*.

Mentres moitos deses filmes foron proxectados en festivais, o *mumblecore* é a única onda do cine *indie* americano dos últimos 20 anos que emerxeu fóra do ecosistema do Festival de Sundance (*The Puffy Chair* foi a única proxectada en Sundance; Bujalski e Swanberg teñen filmes rexeitados polo festival). Para propósitos de credibilidade, a percepción do “corpo” do *mumblecore* como marxinais perdedores, demasiado *indies* para Sundance, non é apenas mala. Especialmente non desde que o *South by Southwest*, que ten lugar en marzo, dous meses despois de Sundance, pasou a servir como oficina central do movemento. Matt Dentler, produtor do *South by Southwest*, dixo que hai uns anos resolveu “atopar filmes aos que os grandes festivais non serían quen de darlles unha oportunidade.”

Malia esa imaxe anti-Sundance image, o *mumblecore* ten ancestros no cine *indie* americano. Dado que os filmes adoitan ser sobre os rituais de apareamento dos 20 e pico, en harmonía co ritmo vacilante e as digresións circulares do discurso actual, Richard Linklater é se cadra o padriño máis obvio (*Quiet City* é unha descoidada versión do romance de Linklater *Before Sunrise*, substituíndo o tren F polo Eurostar). Algúns críticos suxeriron puntos de referencia máis “elevados”, coma os mestres franceses Eric Rohmer e Jean Eustache.

Para os potenciais odiadores, o *mumblecore* dispón de abunda munición. Os filmes son modestos en alcance, pero a súa concentración nas banalidades diarias pode rexistrarse como narcisismo. Malia o *ethos* comunitario do movemento, desde fóra pode parecer incestuoso e insular. Sen modelos de diversidade, os filmes fanse, maioritariamente, en mundos brancos,

heteros, de clase media, e malia estar os personaxes femininos coidados, os directores adoitan ser homes.

A maioría dos filmes compensan as súas tendencias a se miraren o embigo con certa dose de escepticismo. Os directores miran os seus personaxes con empatía, pero non os deixan libres de culpa. Swanberg e Bujalski adoitan asignarse a si mesmos os personaxes que mellor quedan. “Moito disto é autocrítica”, dixo Swanberg, cuxo LOL é un devastador retrato do ensimismamento masculino na era das adicións *high-tech*.

A énfase inherente do *mumblecore* nos períodos transicionais da vida debería, en teoría, salvara dunha vergoñenta idade media. Mentres a sensibilidade xeracional expande o seu alcance (Swanberg pasa parte do verán en Inglaterra actuando no *mumblecore* británico), aos seus pioneiros xa comeza a quedarlles pequeno.

Katz traballa no guión dun estudio dos ‘70s que dixo que sería inaxeitado para os métodos do “micro orzamento”. Swanberg casou este ano e quere experimentar novos temas, “máis sociais e menos persoais,” dixo. “Se teño que ver outra conversa nun sofá, heime matar.”

A súa fatiga ten tamén que ver con facer catro filmes en tres anos. No corazón do movemento do *mumblecore* hai un impulso utópico: o xurdimento da arte e da vida. O perigo, como considerou Swanberg, é que a arte tome o camiño da vida. Cando fixo o cuarto filme, *Nights and Weekends*, dixo “Decátome de por que producín tanto traballo, non cambiei abondo como persoa entre un proxecto e outro. Chegados a este punto, non podo facer outro filme aínda que queira, porque non teño vida para tan longo”.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAI
2015

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores na
Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.
Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

6 DE MAIO

A historia de Phenix City
(*The Phenix City Story*, Phil Karlson,
EUA, 1955, 100', VOSG)

20 DE MAIO

O tiroteo
(*The Shooting*, Monte Hellman,
EUA, 1966, 82', VOSG)

13 DE MAIO

Goliath
(*Goliath*, David Zellner,
EUA, 2008, 80', VOSG)

27 DE MAIO

To face 13' Galiza 2011, VO
Parque Europa 5' Galiza 2008
Os Dioses 24' Galiza 2014
(Proxeccións de vídeo de
Virxinia Polke/Claudio Pato)
Coa presenza de Claudio Pato